# Bibliotecas Escolares e Lingua






**Centros de aprendizaxe creativa abertos a toda a comunidade.**

# Bibliotecas Escolares e Lingua





## Desenvolvemento curricular.

# Bibliotecas Escolares e Lingua




## Fondos: adquisición e difusión.

# Bibliotecas Escolares e Lingua

- **Sinalización e difusión.**
- **Comunicación.**
- **Formación de usuarios/as.**



# Bibliotecas Escolares e Lingua





**Animación á lectura.**

# Bibliotecas Escolares e Lingua



## Prelectores/as

***No parque de bombeiros/Os bombeiros en acción.***
Yi-Hsuan Wu. Baia Edicións.
Colección Libro Mobil.
Libros temáticos e móbiles sobre a actividade das bombeiras e bombeiros .

***As tres curuxiñas.***
Martin Walden. Kalandraka.
Unha tenra historia sobre os sentimentos dos meniños cando os adultos non están con eles.

***O un era Xoán.***
Maurice Sendak. Kalandraka.
Un conto do fabuloso Sendak para achegar aos máis cativos aos números e ao conteo.

***Primeira semana na escola de vacas.***
Andy Cutbill. Patasdepeixe.
É o primeiro día de Daisy na escola de vacas e os becerriños pásano pipa, pero Daisy non se acaba de afacer.

***A banda dos cueiros.***
Un proxecto musical nacido da actividade de "Contos en cueiros" que fará que os pequenos gocen da música dende os primeiros anos.

***Colección Os Wombis.***
Emilia Rebumbio. Galaxia.
Nesta colección, os Wombis achegan á lectura aos máis pequenos a través de temas próximos a elas e eles como os medos, os cueiros ou os chupetes.

## Primeros/as lectores/as

***Colección descubro e aprendo.***
Mathilde Paris. Baia Edicións.
As nenas e os nenos descubrirán as curiosidades e feitos do mundo que os rodea a través duns mestres moi especiais: os animais.

***Animalario cotián entre irmáns.***
Maria Lires. Xerais.
Pese a que todos os irmáns xogan, discuten e enredan, a vida non se entendería sen a súa compaña tan necesaria e agarimosa.

***Os fantasmas non petan na porta.***
Eulália Canal. Editorial Algar.
A amizade é unha das cousas máis fermosas, pero compartila non sempre é fácil. Ou si? Ao fin, ter moitos amigos pode ser máis divertido do que imaxinamos.

***O xigante secreto do avó.***
David Litchfield. Hércules Edicións.
O avó de Billy di que hai un xigante na vila. Un xigante é demasiado grande como para agocharse. E por que manterse en segredo?

***Radio Bule Bule.***
Paco Nogueiras. Kalandraka.
Unha ducia de cancións divertidas e pegadizas conforman a grella de programación dunha emisora comunitaria onde "o falar non ten cancelas"

***Poemar o mar.***
Antonio García Teijeiro. Xerais.
O mar e a poesía son os grandes protagonistas neste libro. Un mar que molla con poemas, que chora por dentro e cala por fóra.

## Lectores/as autónomos/as

***Astro Rato e Lampadiña. Parece que orballa.***
Fermín Solís.Patito Editorial.
Astro Rato está un pouco despistado no espacio. Por sorte ten a compaña de Lampadiña para recordarlle a súa misión.

***Maruxaina.***
Jacobo Paz Limia. Bolanda.
Que farías se de súpeto tiveras un peite que te transformase nunha serea?
Atréveste a vivir unha emocionante aventura?

***A señorita Bubble.***
Ledicia Costas. Xerais.
Todo o mundo rexeitaba á señorita Bubble dende que chegou á vila. Sen embargo, ninguén sospeitaba o que realmente acontecía na súa mansión.

***Pituxa, a fantástica nena da caca de ouro (escrita por un bolígrafo).***
Marcos López Concepción. Galaxia.
Pituxa tense que adaptar a unha nova vida. Coa axuda dos veciños e amigos vivirá toda unha aventura.

***O lapis máxico de Malala.***
Malala Yousafzai. Xerais.
Malala quería un lapis máxico para pedir desexos para ela e a súa familia. Sen embargo cando o tivo nas mans, decatouse das cousas realmente importantes.

***Os arquivos secretos de Escarlatina.***
Ledicia Costas. Xerais.
Este é un libro para mentes curiosas. Un libro pensado, ademais de para ler, para xogar e afondar no universo de Escarlatina, a cociñeira defunta.

**Recomendacións lectoras.**



# Bibliotecas Escolares e Lingua





**Dinamización cultural.**

# Bibliotecas Escolares e Lingua










**Proxectos Documentais Integrados.**

# Bibliotecas Escolares e Lingua






XORNAL BBS

nº 18

Venres, 20 de Decembro de 2019

C.E.P. Xosé María BREA SEGADE

**Inaugurado o Nadal na Escola.**
Redacción 3º

Todo empezou un día de principios do mes de decembro cando os nenos e nenas do colexio Brea Segade colaboraron para facer unhas pequenas árbores con catálogos de xoguetes. A todo o alumnado gustoulle moito a actividade. Unha vez rematadas, os mestres e mestras montaron na entrada da escola unha grande árbore con todas elas. O resultado foi unha árbore moi bonita e o colexio quedou decorado e

**Reapertura da nova biblioteca.**
Redacción 6º

Nas vacacións de verán do 2019, os Mestres do C.E.P. Brea Segade decidiron renovar a BBS. Xa la vella e era pequena para os 92 nenos e nenas da escola. Melloróuse o estado de moitas cousas: compráronse xogos, puxéronse mesas máis bonitas, andeis novos e moitas cousas máis.

Celebrouse a reapertura o pasado venres 13 de decembro, da mellor maneira posible. Os nenos e nenas desfrutaron dunha obra de teatro representada pola compañía "Os Quinquilláns" titulada "Por que é salgada a auga do mar?. Como remate da obra houbo unha posta en escena dun fondo mariño no exterior da escola con animais xigantes: cabaliños de mar, unha manta-raia, unha maragota... que fixeron as delicias de nenos, nenas, pais, nais e profes.

**Pereira de Lobos no Brea Segade.**
Redacción 5º

O mércores 11 de decembro o grupo de teatro Pereira de Lobos volveu vir ao Brea Segade. Fixeron a representación de "Boas noites" de Paula Carballeira. A obra fíxose no auditorio do cole, ás 16:30 da tarde. A obra la sobre unha nena que polo día os seus pais non lle deixaba xogar e pola noite viñera Pedro Chosco e intentaba durmila pero non era capaz. Entón Pedro Chosco e mais esa nena foron matar todo tipo de medos: un monstro, a muller do home do saco, unha vampira... Ao final Pedro Chosco descubriu que o maior medo desa nena era durmir, porque senón polo día outra vez a non xogar. Ao día seguinte a nena estaba durmindo e os seus pais viñeron espertala, pero cando a nai se foi do cuarto, viñeron moitas monstras e fixeron unha versión de Malamente. A obra foi moi divertida e graciosa.

**Unha árbore caída no patio.**
Redacción 1º

Caeu unha corticeira no cole.

**Teléfono tolo.**
Redacción 2º

Isto que vos imos contar sucedeu na aldea de Ourille, Taragoña. Desde fai un mes, aproximadamente, sofren apagóns telefónicos e as familias xa lles parece unha tomadura de pelo. Os primeiros avisos de que o servizo andaba mal, chegaron en setembro. Uns días o teléfono vai e outros non, ainda que daba igual que te chamaran porque cando descolgas o único que escoitas é un ruido moi forte.
Despois de protestar no periódico, na oficina do consumidor e na TVG, deron a liña provisional. Despois de varias semanas o teléfono comezou a deixar de tolear.

**A árbore de Nadal que caeu na escola.**
Redacción 4º

Os alumnos e alumnas de cuarto estaban na clase traballando e sentiron un ruido moi forte! Sabían que algo grave pasara! A árbore de Nadal caeu. Despois de tal desastre Tino e Espe foron recollendo as pequenas árbores do chan e intentaron recompoñer a árbore... e o conseguiron.

BIBLIOTECA TARAGOÑA BBS

BEN VI D@S

**Creación e comunicación.**

# Bibliotecas Escolares e Lingua

editora
BBS
Biblioteca Brea Segade

Radio BBS
A voz da túa escola.



**Creación e comunicación.**